

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

3442 *Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguranza cidadá.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

I

A seguranza cidadá é a garantía de que os dereitos e as liberdades recoñecidos e amparados polas constituicións democráticas poidan ser exercidos libremente pola cidadanía e non meras declaracións formais carentes de eficacia xurídica. Neste sentido, a seguranza cidadá configúrase como un dos elementos esenciais do Estado de dereito.

As demandas sociais de seguranza cidadá van dirixidas esencialmente ao Estado, pois é apreciable unha conciencia social de que só este pode asegurar un ámbito de convivencia en que sexa posible o exercicio dos dereitos e liberdades, mediante a eliminación da violencia e a remoción dos obstáculos que se opoñan á plenitude daqueles.

A Constitución española de 1978 asumiu o concepto de seguranza cidadá (artigo 104.1), así como o de seguranza pública (artigo 149.1.29.^a). Posteriormente, a doutrina e a xurisprudencia interpretaron, con matices, estes dous conceptos como sinónimos, entendendo por tales a actividade dirixida á protección de persoas e bens e ao mantemento da tranquilidade cidadá.

É á luz destas consideracións como se deben interpretar a idea de seguranza cidadá e os conceptos afíns a ela, fuxindo de definicións xenéricas que xustifiquen unha intervención expansiva sobre os cidadáns en virtude de perigos indefinidos e evitando unha discrecionalidade administrativa e unha potestade sancionadora xenéricas.

Para garantir a seguranza cidadá, que é unha das prioridades da acción dos poderes públicos, o modelo de Estado de dereito instaurado pola Constitución dispón de tres mecanismos: un ordenamento xurídico adecuado para dar resposta aos diversos fenómenos ilícitos, un poder xudicial que asegure a súa aplicación e unhas forzas e corpos de seguranza eficaces na prevención e persecución das infraccións.

No marco do artigo 149.1.29.^a da Constitución e seguindo as orientacións da doutrina constitucional, esta lei ten por obxecto a protección de persoas e bens e o mantemento da tranquilidade cidadá, e inclúe un conxunto plural e diversificado de actuacións, de distinta natureza e contido, orientadas a unha mesma finalidade tuitiva do ben xurídico protexido. Unha parte significativa do seu contido refírese á regulación das intervencións da policía de seguranza, funcións propias das forzas e corpos de seguranza, aínda que con iso non se esgota o ámbito material do que hai que entender por seguranza pública, no cal se inclúen outras materias, entre as cales a lei aborda as obrigacións de rexistro documental ou de adopción de medidas de seguranza polas persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades relevantes para a seguranza cidadá, ou o control administrativo sobre armas e explosivos, entre outras.

II

A Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguranza cidadá, constituíu o primeiro esforzo por abordar, desde a óptica dos dereitos e valores constitucionais, un código que recollese as principais actuacións e potestades dos poderes públicos, especialmente das forzas e corpos de seguranza, co fin de garantir a seguranza dos cidadáns.

Porén, varios factores aconsellan acometer a súa substitución por un novo texto. A perspectiva que o transcurso do tempo ofrece das virtudes e carencias das normas xurídicas, os cambios sociais operados no noso país, as novas formas de pór en risco a seguranza e a tranquilidade cidadá, os novos contidos que as demandas sociais inclúen neste concepto, a imperiosa necesidade de actualización do réxime sancionador ou a conveniencia de incorporar a xurisprudencia constitucional nesta materia xustifican sobradamente un cambio legislativo.

Liberdade e seguranza constitúen un binomio clave para o bo funcionamento dunha sociedade democrática avanzada, pois a seguranza é un instrumento ao servizo da garantía de dereitos e liberdades e non un fin en si mesmo.

Por tanto, calquera incidencia ou limitación no exercicio das liberdades cidadás por razóns de seguranza debe ampararse no principio de legalidade e no de proporcionalidade nunha tripla dimensión: un xuízo de idoneidade da limitación (para a consecución do obxectivo proposto), un xuízo da súa necesidade (entendido como inexistencia doutra medida menos intensa para a consecución do mesmo fin) e un xuízo de proporcionalidade en sentido estrito da dita limitación (por derivar dela un beneficio para o interese público que xustifica un certo sacrificio do exercicio do dereito).

Son estas consideracións as que inspiraron a redacción desta lei, nun intento de facer compatibles os dereitos e as liberdades dos cidadáns coa inxerencia estritamente indispensable neles para garantir a súa seguranza, sen a cal o seu desfrute non sería nin real nin efectivo.

III

A lei, de acordo coa xurisprudencia constitucional, parte dun concepto material de seguranza cidadá entendida como actividade dirixida á protección de persoas e bens e ao mantemento da tranquilidade dos cidadáns, que engloba un conxunto plural e diversificado de actuacións, distintas pola súa natureza e contido, orientadas a unha mesma finalidade tuitiva do ben xurídico así definido. Dentro deste conxunto de actuacións sitúanse as específicas das organizacións instrumentais destinadas a este fin, en especial, as que corresponden ás forzas e corpos de seguranza, ás cales o artigo 104 da Constitución encomenda protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguranza cidadá. Xunto a esas actividades policiais en sentido estrito, a lei regula aspectos e funcións atribuídos a outros órganos e autoridades administrativas, como a documentación e identificación das persoas, o control administrativo de armas, explosivos, cartuchería e artigos pirotécnicos ou a previsión da necesidade de adoptar medidas de seguranza en determinados establecementos, co correlato dun réxime sancionador actualizado imprescindible para garantir o cumprimento dos fins da lei.

A lei estrutúrase en cinco capítulos divididos en cincuenta e catro artigos, sete disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e cinco derradeiras.

O capítulo I, tras definir o obxecto da lei, recolle como novidades máis relevantes os seus fins e os principios reitores da actuación dos poderes públicos no ámbito da seguranza cidadá, a cooperación interadministrativa e o deber de colaboración das autoridades e dos empregados públicos, os distintos corpos policiais, os cidadáns e as empresas e o persoal de seguranza privada, de acordo cunha perspectiva integral da seguranza pública. Entre os fins da lei destacan a protección do libre exercicio dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas e os demais dereitos recoñecidos e amparados polo ordenamento xurídico; a garantía do normal funcionamento das institucións; a preservación non só da seguranza, senón tamén da tranquilidade e a pacífica convivencia

cidadás; o respecto ás leis no exercicio dos dereitos e liberdades; a protección das persoas e bens, con especial atención aos menores e ás persoas con discapacidade necesitadas de especial protección; a pacífica utilización de vías e demais bens demaniais destinados ao uso e desfrute público; a garantía da normal prestación dos servizos básicos para a comunidade, e a transparencia na actuación dos poderes públicos en materia de seguranza cidadá.

O capítulo II regula a documentación e identificación dos cidadáns españois, o valor probatorio do documento nacional de identidade e do pasaporte e os deberes dos titulares destes documentos, incorpora as posibilidades de identificación e de sinatura electrónica deles, e mantén a existencia de exhibilos tras requirimento dos axentes da autoridade de conformidade co disposto na lei.

O capítulo III habilita as autoridades competentes para acordar distintas actuacións dirixidas ao mantemento e, de ser o caso, ao restablecemento da tranquilidade cidadá en supostos de inseguridade pública, regulando con precisión os presupostos, os fins e os requisitos para realizar estas dilixencias, de acordo cos principios, entre outros, de proporcionalidade, inxerencia mínima e non discriminación.

Neste sentido, régulanse con detalle as facultades das autoridades e dos axentes das forzas e corpos de seguranza para ditar ordes e instrucións, para a entrada e rexistro en domicilios, requirir a identificación de persoas, efectuar comprobacións e rexistros en lugares públicos, establecer restricións do tránsito e controis na vía pública, así como outras medidas extraordinarias en situacións de emerxencia imprescindible para garantir a seguranza cidadá (desaloxo de locais ou establecementos, prohibición de paso, evacuación de inmobles, etc.). Igualmente, régulanse as medidas que deberán adoptar as autoridades para protexer a celebración de reunións e manifestacións, así como para restablecer a normalidade do seu desenvolvemento en casos de alteración da seguranza cidadá.

A relación destas potestades de policía de seguranza é análoga á contida na Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, ben que, en garantía dos dereitos dos cidadáns que se poidan ver afectados polo seu lexítimo exercicio por parte dos membros das forzas e corpos de seguranza, se perfilan con maior precisión os presupostos habilitantes e as condicións e requisitos do seu exercicio, de acordo coa xurisprudencia constitucional. Así, a habilitación aos axentes das forzas e corpos de seguranza para a práctica de identificacións na vía pública non se xustifica xenericamente –como sucede na Lei de 1992– no exercicio das funcións de protección da seguranza cidadá, senón que é precisa a existencia de indicios de participación na comisión dunha infracción, ou que razoablemente se considere necesario realizar a identificación para previr a comisión dun delito; por outra parte, na práctica desta dilixencia, os axentes deberán respectar escrupulosamente os principios de proporcionalidade, igualdade de trato e non discriminación, e só en caso de negativa á identificación, ou se esta non se pode realizar *in situ*, poderá requirirse a persoa para que acompañe os axentes ás dependencias policiais máis próximas, onde se poida efectuar a dita identificación, informándoa de modo inmediato e comprensible dos fins da solicitude de identificación e, de ser o caso, das razóns do requirimento.

Por primeira vez régulanse os rexistros corporais externos, que só se poderán realizar cando existan motivos para supor que poden conducir ao achado de instrumentos, efectos ou outros obxectos relevantes para o exercicio das funcións de indagación e prevención que encomendan as leis ás forzas e corpos de seguranza. Estes rexistros, de carácter superficial, deberán ocasionar o menor prexuízo á dignidade da persoa, ser efectuados por un axente do mesmo sexo que a persoa sobre a cal se practique e, cando o exixa o respecto á intimidade, nun lugar reservado e fóra da vista de terceiros.

O capítulo IV, referente ás potestades especiais da policía administrativa de seguranza, regula as medidas de control administrativo que o Estado pode exercer sobre as actividades relacionadas con armas, explosivos, cartuchería e artigos pirotécnicos.

Así mesmo, establécense obrigacións de rexistro documental para actividades relevantes para a seguranza cidadá, como a hospedaxe, o acceso comercial a servizos

telefónicos ou telemáticos de uso público mediante establecementos abertos ao público, a compravenda de xoias e metais, obxectos ou obras de arte, a cerraría de seguraza ou o comercio por xunto de chatarra ou produtos de refugallo.

Por outro lado, desde a estrita perspectiva da seguraza cidadá, prevese o réxime de intervención das autoridades competentes en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas e das entidades locais no que se refire ao seu normal desenvolvemento.

O capítulo V, que regula o réxime sancionador, introduce novidades relevantes con respecto á Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro. A redacción do capítulo no seu conxunto ten en conta, como reiteradamente ten declarado o Tribunal Constitucional, que o dereito administrativo sancionador e o dereito penal son, con matices, manifestacións dun único *ius puniendi* do Estado. Por tanto, a lei está orientada a dar cumprimento aos principios que rexen a potestade sancionadora administrativa, singularmente os de responsabilidade, proporcionalidade e legalidade, nas súas dúas vertentes, de legalidade formal ou reserva de lei e legalidade material ou tipicidade, sen prexuízo da admisión da colaboración regulamentaria para a especificación de condutas e sancións en relación coas infraccións tipificadas pola lei.

En canto aos autores das condutas tipificadas como infraccións, exímense de responsabilidade os menores de catorce anos, en consonancia coa lexislación sobre responsabilidade penal do menor. Así mesmo, prevese que, cando sexa declarado autor dos feitos cometidos un menor de dezaioito anos non emancipado ou unha persoa coa capacidade modificada xudicialmente, responderán solidariamente con el dos danos e perdas ocasionados os seus pais, titores, curadores, acolledores ou gardadores legais ou de feito.

Co fin de garantir a proporcionalidade na imposición das sancións graves e moi graves previstas na lei, divídense as sancións pecuniarias en tres tramos de igual extensión, que dan lugar aos graos mínimo, medio e máximo destas, e recóllense as circunstancias agravantes e os criterios de graduación que se deberán ter en conta para a individualización das sancións pecuniarias, acollendo así unha exixencia do principio de proporcionalidade presente na xurisprudencia contencioso-administrativa, pero que ten escaso reflexo nos réximes sancionadores que incorporan numerosas normas do noso ordenamento xurídico administrativo.

Con respecto ao cadro de infraccións, en prol dun mellor axuste ao principio de tipicidade, introdúcese un elenco de condutas que se cualifican como leves, graves e moi graves, estas últimas ausentes da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, que simplemente permitía a cualificación de determinadas infraccións graves como moi graves en función das circunstancias conconrentes.

Xunto ás infraccións tipificadas polo lexislador de 1992, a lei sanciona condutas que, sen seren constitutivas de delito, atentan gravemente contra a seguraza cidadá, como son as reunións ou manifestacións prohibidas en lugares que teñan a condición de infraestruturas e instalacións nas cales se prestan servizos básicos para a comunidade e os actos de intrusión nestas, cando se ocasione un risco para as persoas; a proxección de feixes de luz sobre os condutores ou pilotos de medios de transporte con risco de provocar un accidente, ou a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas malia a prohibición ou suspensión acordada pola autoridade por razóns de seguraza, entre outras. Sanciónanse, igualmente, condutas que representan un exercicio extralimitado do dereito de reunión e manifestación, así como a perturbación do exercicio deste dereito fundamental cando non constitúan delito. Outras infraccións teñen por obxecto preservar o lexítimo exercicio das súas funcións polas autoridades e polos seus axentes, así como polos servizos de emerxencia.

Por outra parte, a reforma en tramitación do Código penal exige unha revisión das infraccións penais desta natureza que contiña o libro III do código punitivo para incorporar ao ámbito administrativo algunhas condutas que, do contrario, quedarían impunes, como son certas alteracións da orde pública, as faltas de respecto á autoridade, o deslucimento de determinados bens na vía pública ou deixar soltos animais perigosos. Tamén se recollen

as infraccións previstas na Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, relacionadas co consumo de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, ás cales se agregan outras dirixidas a favorecelo. Considerouse oportuno sancionar comportamentos atentatorios contra a liberdade sexual das persoas, especialmente dos menores, ou que perturban a convivencia cidadá ou o pacífico desfrute das vías e espazos públicos, todos eles bens xurídicos cuxa protección forma parte dos fins desta lei pola súa relación coa seguraza cidadá.

Respecto das sancións, reordénanse as pecuniarias e establécense tres tramos de igual extensión, que dan lugar aos graos mínimo, medio e máximo delas, ben que non se eleva o importe das que se poden impor pola comisión de infraccións moi graves, a pesar do tempo transcorrido desde a aprobación da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro. Así mesmo, previuse que caberá exixir ao infractor, de ser o caso, a reposición dos bens danados á súa situación orixinaria ou, cando iso non sexa posible, a indemnización polos danos e perdas causados, ao igual que tamén sucede noutros ámbitos en que se exige unha reparación *in natura* da situación alterada co comportamento infractor e, na súa falta, a satisfacción dun equivalente económico. E con obxecto de dar o tratamento adecuado ás infraccións dos menores de dezaioito anos en materia de consumo ou tenza ilícitos de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, prevese a suspensión da sanción se aqueles acceden a someterse a tratamento ou rehabilitación, se o precisan, ou a actividades reeducativas.

Co fin de contribuír a evitar a proliferación de procedementos administrativos especiais, establécese que o exercicio da potestade sancionadora en materia de protección da seguraza cidadá se rexerá pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e pola súa normativa de desenvolvemento, sen renunciar á incorporación de determinadas especialidades, como a regulación dun procedemento abreviado, que permite satisfacer o pagamento voluntario das sancións pecuniarias pola comisión de infraccións graves ou leves nun breve prazo desde a súa notificación, co efecto da redución do 50 por 100 do seu importe, en termos análogos aos xa previstos noutras normas. Créase, en fin, un Rexistro Central de Infraccións contra a Seguraza Cidadá, indispensable para poder apreciar a reincidencia dos infractores e permitir, deste modo, sancionar adecuadamente a quen, de modo voluntario e reiterado, incorre en condutas merecedoras de reproche xurídico.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. A seguraza cidadá é un requisito indispensable para o pleno exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, e a súa salvagarda, como ben xurídico de carácter colectivo, é función do Estado, con suxeición á Constitución e ás leis.

2. Esta lei ten por obxecto a regulación dun conxunto plural e diversificado de actuacións de distinta natureza orientadas á tutela da seguraza cidadá, mediante a protección de persoas e bens e o mantemento da tranquilidade dos cidadáns.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións desta lei son aplicables en todo o territorio nacional, sen prexuízo das competencias que, de ser o caso, asumisen as comunidades autónomas no marco da Constitución, dos estatutos de autonomía e da lexislación do Estado en materia de seguraza pública.

2. En particular, quedan fóra do ámbito de aplicación desta lei as prescricións que teñen por obxecto velar polo boa orde dos espectáculos e pola protección das persoas e bens a través dunha acción administrativa ordinaria, mesmo cando poida supor a

intervención das forzas e corpos de seguranza, sempre que esta se conciba como elemento integrante do sistema preventivo habitual do control do espectáculo.

3. Así mesmo, esta lei aplicarase sen menoscabo dos réximes legais que regulan ámbitos concretos da seguranza pública, como a seguranza aérea, marítima, ferroviaria, viaria ou nos transportes. En todo caso, quedarán salvagardadas as disposicións referentes á defensa nacional e á regulación dos estados de alarma, excepción e sitio.

Artigo 3. *Fins.*

Constitúen os fins desta lei e da acción dos poderes públicos no seu ámbito de aplicación:

- a) A protección do libre exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas e dos demais dereitos recoñecidos e amparados polo ordenamento xurídico.
- b) A garantía do normal funcionamento das institucións.
- c) A preservación da seguranza e a convivencia cidadás.
- d) O respecto ás leis, á paz e á seguranza cidadá no exercicio dos dereitos e liberdades.
- e) A protección das persoas e bens, con especial atención aos menores e ás persoas con discapacidade necesitadas de especial protección.
- f) A pacífica utilización de vías e demais bens demaniais e, en xeral, espazos destinados ao uso e desfrute público.
- g) A garantía das condicións de normalidade na prestación dos servizos básicos para a comunidade.
- h) A prevención da comisión de delitos e infraccións administrativas directamente relacionados cos fins indicados nas alíneas anteriores e a sanción das desta natureza tipificadas nesta lei.
- i) A transparencia na actuación dos poderes públicos en materia de seguranza cidadá.

Artigo 4. *Principios reitores da acción dos poderes públicos en relación coa seguranza cidadá.*

1. O exercicio das potestades e facultades recoñecidas por esta lei ás administracións públicas e, especificamente, ás autoridades e demais órganos competentes en materia de seguranza cidadá e aos membros das forzas e corpos de seguranza rexerese polos principios de legalidade, igualdade de trato e non discriminación, oportunidade, proporcionalidade, eficacia, eficiencia e responsabilidade, e someterase ao control administrativo e xurisdiccional.

En particular, as disposicións dos capítulos III e V deberán interpretarse e aplicarse do modo máis favorable á plena efectividade dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, singularmente dos dereitos de reunión e manifestación, das liberdades de expresión e información, da liberdade sindical e do dereito de folga.

2. En particular, a actuación dos membros das forzas e corpos de seguranza está suxeita aos principios básicos de actuación regulados no artigo 5 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza.

3. A actividade de intervención xustifícase pola existencia dunha ameaza concreta ou dun comportamento obxectivamente perigoso que, razoablemente, sexa susceptible de provocar un prexuízo real para a seguranza cidadá e, en concreto, atentar contra os dereitos e as liberdades individuais e colectivos ou alterar o normal funcionamento das institucións públicas. As concretas intervencións para o mantemento e restablecemento da seguranza cidadá realizaranse conforme o disposto no capítulo III desta lei.

Artigo 5. *Autoridades e órganos competentes.*

1. Corresponde ao Goberno, a través do Ministerio do Interior e dos demais órganos e autoridades competentes e das forzas e corpos de seguranza ás súas ordes, a

preparación, dirección e execución da política en relación coa administración xeral da seguranza cidadá, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións públicas nesta materia.

2. Son autoridades e órganos competentes en materia de seguranza cidadá, no ámbito da Administración xeral do Estado:

- a) O ministro do Interior.
- b) O secretario de Estado de Seguranza.
- c) Os titulares dos órganos directivos do Ministerio do Interior que teñan atribuída tal condición, en virtude de disposicións legais ou regulamentarias.
- d) Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades de Ceuta e Melilla.
- e) Os subdelegados do Goberno nas provincias e os directores insulares.

3. Serán autoridades e órganos competentes, para os efectos desta lei, os correspondentes das comunidades autónomas que asumisen competencias para a protección de persoas e bens e para o mantemento da seguranza cidadá e conten cun corpo de policía propio.

4. As autoridades das cidades de Ceuta e Melilla e as autoridades locais exercerán as facultades que lles corresponden, de acordo coa Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, e coa lexislación de réxime local, espectáculos públicos, actividades recreativas e actividades clasificadas.

Artigo 6. *Cooperación interadministrativa.*

A Administración xeral do Estado e as demais administracións públicas con competencias en materia de seguranza cidadá rexeranse, nas súas relacións, polos principios de cooperación e lealdade institucional, facilitándose a información de acordo coa lexislación vixente e a asistencia técnica necesarias no exercicio das súas respectivas atribucións e, cando sexa preciso, coordinando as accións destinadas a garantir o cumprimento desta lei, de conformidade co disposto na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. *Deber de colaboración.*

1. Todas as autoridades e funcionarios públicos, no ámbito das súas respectivas competencias e de acordo coa súa normativa específica, deberán colaborar coas autoridades e órganos a que se refire o artigo 5 e prestarlles o auxilio que sexa posible e adecuado para a consecución dos fins relacionados no artigo 3. Cando, por razón do seu cargo, teñan coñecemento de feitos que perturben gravemente a seguranza cidadá ou dos que racionalmente se poida inferir que poden producir unha perturbación grave, estarán obrigados a poñelo inmediatamente en coñecemento da autoridade competente.

2. As autoridades e órganos competentes e os membros das forzas e corpos de seguranza poderán solicitar dos particulares a súa axuda e colaboración na medida necesaria para o cumprimento dos fins previstos nesta lei, especialmente nos casos de grave calamidade pública ou catástrofe extraordinaria, sempre que iso non implique risco persoal para eles. Quen sufra danos e perdas por estas causas será indemnizado de acordo coas leis.

3. As empresas de seguranza privada, os despachos de detectives privados e o persoal de seguranza privada teñen un especial deber de auxiliar as forzas e corpos de seguranza no exercicio das súas funcións, prestarlles a colaboración que precisen e seguir as súas instrucións, nos termos previstos na normativa de seguranza privada.

4. O persoal que realice funcións de policía administrativa terá o especial deber de colaborar na consecución dos fins previstos no artigo 3 desta lei.

CAPÍTULO II

Documentación e identificación persoal*Artigo 8. Acreditación da identidade dos cidadáns españois.*

1. Os españois teñen dereito a que se lles expida o documento nacional de identidade.

O documento nacional de identidade é un documento público e oficial e terá a protección que a estes outorgan as leis, así como suficiente valor en por si para a acreditación da identidade e dos datos persoais do seu titular.

2. No documento nacional de identidade figurarán a fotografía e a sinatura do seu titular, así como os datos persoais que se determinen regulamentariamente, que respectarán o dereito á intimidade da persoa, sen que en ningún caso poidan ser relativos á raza, etnia, relixión, crenzas, opinión, ideoloxía, discapacidade, orientación ou identidade sexual, ou afiliación política ou sindical. A tarxeta soporte do documento nacional de identidade incorporará as medidas de seguranza necesarias para a consecución de condicións de calidade e inalterabilidade e máximas garantías para impedir a súa falsificación.

3. O documento nacional de identidade permite aos españois maiores de idade que gocen de plena capacidade de obrar e aos menores emancipados a identificación electrónica do seu titular, así como a sinatura electrónica de documentos, nos termos previstos na lexislación específica. As persoas con capacidade modificada xudicialmente poderán exercer esas facultades cando expresamente o solicite o interesado e non precise, atendendo á resolución xudicial que complementa a súa capacidade, da representación ou asistencia dunha institución de protección e apoio para obrigarse ou contratar.

O prestador de servizos de certificación revogará o certificado de sinatura electrónica por instancia do Ministerio do Interior, tras recibir este a comunicación do encargado do Rexistro Civil da inscrición da resolución xudicial que determine a necesidade do complemento da capacidade para obrigarse ou contratar, do falecemento ou da declaración de ausencia ou falecemento dunha persoa.

Artigo 9. Obrigacións e dereitos do titular do documento nacional de identidade.

1. O documento nacional de identidade é obrigatorio a partir dos catorce anos. Este documento é persoal e intransferible e o seu titular deberá mantelo en vigor e conservalo e custodialo coa debida dilixencia. Non poderá ser privado del, nin sequera temporalmente, salvo nos supostos en que, conforme o previsto pola lei, deba ser substituído por outro documento.

2. Todas as persoas obrigadas a obter o documento nacional de identidade o están tamén a exhibilo e permitir a comprobación das medidas de seguranza a que se refire o punto 2 do artigo 8 cando sexan requiridas para iso pola autoridade ou polos seus axentes, para o cumprimento dos fins previstos no punto 1 do artigo 16. Da súa subtracción ou extravío deberá darse conta tan pronto como sexa posible á comisaría de policía ou posto das forzas e corpos de seguranza máis próximo.

Artigo 10. Competencias sobre o documento nacional de identidade.

1. Corresponde ao Ministerio do Interior a competencia exclusiva para a dirección, organización e xestión de todos os aspectos referentes á confección e expedición do documento nacional de identidade, conforme o disposto nesta lei e na lexislación sobre sinatura electrónica.

2. A competencia a que se refire o punto anterior será exercida pola Dirección Xeral da Policía, á cal corresponderá tamén a custodia e responsabilidade dos arquivos e ficheiros relacionados co documento nacional de identidade.

3. A súa expedición está suxeita ao pagamento dunha taxa.

Artigo 11. *Pasaporte de cidadáns españois.*

1. O pasaporte español é un documento público, persoal, individual e intransferible que, salvo proba en contrario, acredita a identidade e nacionalidade dos cidadáns españois fóra de España e, dentro do territorio nacional, as mesmas circunstancias dos españois non residentes.

2. Os cidadáns españois teñen dereito a que lles sexa expedido o pasaporte, que só poderá ser exceptuado nas seguintes circunstancias:

- a) Ter sido condenado a penas ou medidas de seguranza privativas de liberdade, mentres non se extingan, salvo que obteña autorización do órgano xudicial competente.
- b) Ter sido acordada polo órgano xudicial competente a retirada do seu pasaporte de acordo co previsto pola lei.
- c) Terlle sido imposta unha medida de liberdade vixiada con prohibición de abandonar o territorio nacional, salvo que obteña autorización do órgano xudicial competente.
- d) Cando o órgano xudicial competente prohiba a saída de España ou a expedición de pasaporte ao menor de idade ou á persoa coa capacidade modificada xudicialmente, de acordo co disposto pola lei.

3. A obtención do pasaporte polos cidadáns suxeitos a patria potestade ou a tutela estará condicionada ao consentimento expreso das persoas ou do órgano que teña encomendado o seu exercicio ou, na súa falta, do órgano xudicial competente.

4. Os titulares do pasaporte teñen a obrigaçión de exhibilo e facilitalo cando sexan requiridos para iso pola autoridade ou polos seus axentes. Tamén estarán obrigados á súa custodia e conservación coa debida dilixencia. Da súa subtracción ou extravío deberase dar conta de maneira inmediata ás forzas e corpos de seguranza ou, de ser o caso, á representación diplomática ou consular de España no estranxeiro.

Artigo 12. *Competencias sobre o pasaporte.*

1. A competencia para a súa expedición corresponde:

- a) No territorio nacional, á Dirección Xeral da Policía.
- b) No estranxeiro, ás representacións diplomáticas e consulares de España.

2. A súa expedición está suxeita ao pagamento dunha taxa.

3. Corresponde ao Goberno, por proposta dos ministros do Interior e de Asuntos Exteriores e de Cooperación, desenvolver esta lei no referente ao réxime xurídico do pasaporte.

Artigo 13. *Acreditación da identidade de cidadáns estranxeiros.*

1. Os estranxeiros que se encontren en territorio español teñen o dereito e a obriga de conservar e levar consigo a documentación que acredite a súa identidade expedida polas autoridades competentes do país de orixe ou de procedencia, así como a que acredite a súa situación regular en España.

2. Os estranxeiros non poderán ser privados da súa documentación de orixe, salvo no curso de investigacións xudiciais de carácter penal.

3. Os estranxeiros estarán obrigados a exhibir a documentación mencionada no punto 1 deste artigo e a permitir a comprobación das medidas de seguranza desta, cando sexan requiridos polas autoridades ou polos seus axentes de conformidade co disposto na lei, e polo tempo imprescindible para a dita comprobación, sen prexuízo de poder demostrar a súa identidade por calquera outro medio se non a levan consigo.

CAPÍTULO III

Actuacións para o mantemento e restablecemento da seguranza cidadá

Sección 1.^a Potestades xerais de policía de seguranza

Artigo 14. *Ordes e prohibicións.*

As autoridades competentes, de conformidade coas leis e regulamentos, poderán ditar as ordes e prohibicións e dispor as actuacións policiais estritamente necesarias para asegurar a consecución dos fins previstos nesta lei, mediante resolución debidamente motivada.

Artigo 15. *Entrada e rexistro nun domicilio e edificios de organismos oficiais.*

1. Os axentes das forzas e corpos de seguranza só poderán proceder á entrada e rexistro en domicilio nos casos permitidos pola Constitución e nos termos que fixen as leis.

2. Será causa lexítima suficiente para a entrada nun domicilio a necesidade de evitar danos inminentes e graves ás persoas e ás cousas, en supostos de catástrofe, calamidade, ruína inminente ou outros semellantes de extrema e urxente necesidade.

3. Para a entrada en edificios ocupados por organismos oficiais ou entidades públicas, non será preciso o consentimento da autoridade ou funcionario que os teña ao seu cargo.

4. Cando polas causas previstas neste artigo as forzas e corpos de seguranza entren nun domicilio particular, remitirán sen dilación a acta ou atestado que instrúan á autoridade xudicial competente.

Artigo 16. *Identificación de persoas.*

1. En cumprimento das súas funcións de indagación e prevención delituosa, así como para a sanción de infraccións penais e administrativas, os axentes das forzas e corpos de seguranza poderán requirir a identificación das persoas nos seguintes supostos:

- a) Cando existan indicios de que puideron participar na comisión dunha infracción.
- b) Cando, en atención ás circunstancias concorrentes, se considere razoablemente necesario que acrediten a súa identidade para previr a comisión dun delito.

Nestes supostos, os axentes poderán realizar as comprobacións necesarias na vía pública ou no lugar onde se fixese o requirimento, incluída a identificación das persoas cuxo rostro non sexa visible total ou parcialmente por utilizar calquera tipo de roupa ou obxecto que o cubra que impida ou dificulte a identificación, cando for preciso para os efectos indicados.

Na práctica da identificación respectaranse estritamente os principios de proporcionalidade, igualdade de trato e non discriminación por razón de nacemento, nacionalidade, orixe racial ou étnica, sexo, relixión ou crenzas, idade, discapacidade, orientación ou identidade sexual, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2. Cando non sexa posible a identificación por calquera medio, incluída a vía telemática ou telefónica, ou se a persoa se nega a identificarse, os axentes, para impedir a comisión dun delito ou co obxecto de sancionar unha infracción, poderán requirir a aqueles que non puidesen ser identificados que os acompañen ás dependencias policiais máis próximas nas cales se dispoña dos medios adecuados para a práctica desta dilixencia, para os únicos efectos da súa identificación e polo tempo estritamente necesario que, en ningún caso, poderá superar as seis horas.

A persoa a que se solicite que se identifique será informada de modo inmediato e comprensible das razóns da dita solicitude, así como, de ser o caso, do requirimento para que acompañe os axentes ás dependencias policiais.

3. Nas dependencias a que se fai referencia no punto 2 levarase un libro de rexistro en que só se practicarán asentos relacionados coa seguranza cidadá. Constarán nel as dilixencias de identificación practicadas, así como os motivos, as circunstancias e a duración daquelas, e só poderán ser comunicados os seus datos á autoridade xudicial competente e ao Ministerio Fiscal. O órgano competente da Administración remitirá mensualmente ao Ministerio Fiscal extracto das dilixencias de identificación con expresión do tempo utilizado en cada unha. Os asentos deste libro de rexistro cancelaranse de oficio aos tres anos.

4. Ás persoas desprazadas a dependencias policiais para efectos de identificación deberáselles expedir, no momento da súa saída, un volante acreditativo do tempo de permanencia nelas, a causa e a identidade dos axentes actuantes.

5. Nos casos de resistencia ou negativa a identificarse ou a colaborar nas comprobacións ou prácticas de identificación, aplicarase o disposto no Código penal, na Lei de axuízamento criminal e, de ser o caso, nesta lei.

Artigo 17. *Restrición do tránsito e controis nas vías públicas.*

1. Os axentes das forzas e corpos de seguranza poderán limitar ou restrinxir a circulación ou permanencia en vías ou lugares públicos e establecer zonas de seguranza en supostos de alteración da seguranza cidadá ou da pacífica convivencia, ou cando existan indicios racionais de que se poida producir esa alteración, polo tempo imprescindible para o seu mantemento ou restablecemento. Así mesmo, poderán ocupar preventivamente os efectos ou instrumentos susceptibles de seren utilizados para accións ilegais e darlles o destino que legalmente proceda.

2. Para a prevención de delitos de especial gravidade ou xeradores de alarma social, así como para o descubrimento e detención daqueles que participasen na súa comisión e proceder á recollida dos instrumentos, efectos ou probas, poderanse establecer controis nas vías, lugares ou establecementos públicos, sempre que resulte indispensable proceder á identificación de persoas que se encontren neles, ao rexistro de vehículos ou ao control superficial de efectos persoais.

Artigo 18. *Comprobacións e rexistros en lugares públicos.*

1. Os axentes da autoridade poderán practicar as comprobacións nas persoas, bens e vehículos que sexan necesarias para impedir que nas vías, lugares e establecementos públicos se porten ou utilicen ilegalmente armas, explosivos, substancias perigosas ou outros obxectos, instrumentos ou medios que xeren un risco potencialmente grave para as persoas, susceptibles de seren utilizados para cometer un delito ou alterar a seguranza cidadá, cando teñan indicios da súa eventual presenza nos ditos lugares, procedendo, de ser o caso, á súa intervención. Para tal fin, os cidadáns teñen o deber de colaborar e non obstaculizar o labor dos axentes da autoridade no exercicio das súas funcións.

2. Os axentes da autoridade poderán proceder á ocupación temporal de calquera obxecto, instrumento ou medio de agresión, incluso das armas que se porten con licenza, permiso ou autorización, se se considera necesario, con obxecto de prever a comisión de calquera delito, ou cando exista perigo para a seguranza das persoas ou dos bens.

Artigo 19. *Disposicións comúns ás dilixencias de identificación, rexistro e comprobación.*

1. As dilixencias de identificación, rexistro e comprobación practicadas polos axentes das forzas e corpos de seguranza con ocasión de actuacións realizadas conforme o disposto nesta sección non estarán suxeitas ás mesmas formalidades que a detención.

2. A aprehensión durante as dilixencias de identificación, rexistro e comprobación de armas, drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas ou outros efectos

procedentes dun delito ou infracción administrativa farase constar na acta correspondente, que deberá ser asinada polo interesado; se este se nega a asinala, deixarase constancia expresa da súa negativa. A acta que se redacte gozará de presunción de veracidade dos feitos nela consignados, salvo proba en contrario.

Artigo 20. *Rexistros corporais externos.*

1. Poderase practicar o rexistro corporal externo e superficial da persoa cando existan indicios racionais para supor que pode conducir ao achado de instrumentos, efectos ou outros obxectos relevantes para o exercicio das funcións de indagación e prevención que encomendan as leis ás forzas e corpos de seguranza.

2. Salvo que exista unha situación de urxencia por risco grave e inminente para os axentes:

a) O rexistro realizarao un axente do mesmo sexo que a persoa sobre a cal se practique esta dilixencia.

b) E se exige deixar á vista partes do corpo normalmente cubertas por roupa, efectuarase nun lugar reservado e fóra da vista de terceiros. Deixarase constancia escrita desta dilixencia, das súas causas e da identidade do axente que a adoptou.

3. Os rexistros corporais externos respectarán os principios do punto 1 do artigo 16, así como o de inxerencia mínima, e realizaranse do modo que cause o menor prexuízo á intimidade e dignidade da persoa afectada, que será informada de modo inmediato e comprensible das razóns da súa realización.

4. Os rexistros a que se refire este artigo poderanse levar a cabo contra a vontade do afectado, adoptando as medidas de compulsión indispensables, conforme os principios de idoneidade, necesidade e proporcionalidade.

Artigo 21. *Medidas de seguranza extraordinarias.*

As autoridades competentes poderán acordar, como medidas de seguranza extraordinarias, o peche ou desaloxo de locais ou establecementos, a prohibición do paso, a evacuación de inmobles ou espazos públicos debidamente acoutados, ou o depósito de explosivos ou outras substancias susceptibles de seren empregadas como tales, en situacións de emerxencia que as fagan imprescindibles e durante o tempo estritamente necesario para garantir a seguranza cidadá. Esas medidas poderanas adoptar os axentes da autoridade se a urxencia da situación o fixer imprescindible, incluso mediante ordes verbais.

Para os efectos deste artigo, enténdese por emerxencia aquela situación de risco sobrevida por un evento que pon en perigo inminente persoas ou bens e exige unha actuación rápida por parte da autoridade ou dos seus axentes para evitala ou mitigar os seus efectos.

Artigo 22. *Uso de videocámaras.*

A autoridade gubernativa e, de ser o caso, as forzas e corpos de seguranza poderán proceder á gravación de persoas, lugares ou obxectos mediante cámaras de videovixilancia fixas ou móbiles legalmente autorizadas, de acordo coa lexislación vixente na materia.

Sección 2.^a Mantemento e restablecemento da seguranza cidadá en reunións e manifestacións

Artigo 23. *Reunións e manifestacións.*

1. As autoridades a que se refire esta lei adoptarán as medidas necesarias para protexer a celebración de reunións e manifestacións, impedindo que se perturbe a seguranza cidadá.

Así mesmo, poderán acordar a disolución de reunións en lugares de tránsito público e manifestacións nos supostos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión.

Támén poderán disolver as concentracións de vehículos nas vías públicas e retirar aqueles ou calquera outra clase de obstáculos cando impidan, poñan en perigo ou dificulten a circulación polas ditas vías.

2. As medidas de intervención para o mantemento ou o restablecemento da seguraza cidadá en reunións e manifestacións serán graduais e proporcionadas ás circunstancias. A disolución de reunións e manifestacións constituirá o último recurso.

3. Antes de adoptar as medidas a que se refire o punto anterior, as unidades actuantes das forzas e corpos de seguraza deberán avisar de tales medidas as persoas afectadas, o que poderán facer de maneira verbal se a urxencia da situación o fixer imprescindible.

En caso de que se produza unha alteración da seguraza cidadá con armas, artefactos explosivos ou obxectos contundentes ou de calquera outro modo perigosos, as forzas e corpos de seguraza poderán disolver a reunión ou manifestación ou retirar os vehículos e obstáculos sen necesidade de aviso previo.

Artigo 24. *Colaboración entre as forzas e corpos de seguraza.*

Nos casos a que se refire o artigo anterior, as forzas e corpos de seguraza colaborarán mutuamente nos termos previstos na súa lei orgánica reguladora.

CAPÍTULO IV

Potestades especiais de policía administrativa de seguraza

Artigo 25. *Obrigas de rexistro documental.*

1. As persoas físicas ou xurídicas que exerzan actividades relevantes para a seguraza cidadá, como as de hospedaxe, transporte de persoas, acceso comercial a servizos telefónicos ou telemáticos de uso público mediante establecementos abertos ao público, comercio ou reparación de obxectos usados, alugamento ou desmantelamento de vehículos de motor, compravenda de xoias e metais, xa sexan preciosos ou non, obxectos ou obras de arte, cerralaría de seguraza, centros xestores de residuos metálicos, establecementos de comercio por xunto de chatarra ou produtos de refugallo, ou de venda de produtos químicos perigosos a particulares, quedarán suxeitas ás obrigas de rexistro documental e información nos termos que establezan as disposicións aplicables.

2. Os titulares de embarcacións de alta velocidade, así como os de aeronaves lixeiras, estarán obrigados a realizar as actuacións de rexistro documental e información previstas na normativa vixente.

Artigo 26. *Establecementos e instalacións obrigados a adoptar medidas de seguraza.*

Regulamentariamente, en desenvolvemento do disposto nesta lei, na lexislación de seguraza privada, na de infraestruturas críticas ou noutra normativa sectorial, poderase establecer a necesidade de adoptar medidas de seguraza en establecementos e instalacións industriais, comerciais e de servizos, así como nas infraestruturas críticas, coa finalidade de previr a comisión de actos delituosos ou infraccións administrativas, ou cando xeren riscos directos para terceiros ou sexan especialmente vulnerables.

Artigo 27. *Espectáculos e actividades recreativas.*

1. O Estado poderá ditar normas de seguraza pública para os edificios e instalacións en que se celebren espectáculos e actividades recreativas.

2. As autoridades a que se refire esta lei adoptarán as medidas necesarias para preservar a pacífica celebración de espectáculos públicos. En particular, poderán prohibir

e, en caso de estar celebrándose, suspender os espectáculos e actividades recreativas cando exista un perigo certo para persoas e bens, ou acontezan ou se prevexan graves alteracións da seguranza cidadá.

3. A normativa específica determinará os supostos en que os delegados da autoridade deban estar presentes na celebración dos espectáculos e actividades recreativas, os cales poderán proceder, logo de aviso aos organizadores, á súa suspensión por razóns de máxima urxencia nos supostos previstos no punto anterior.

4. Os espectáculos deportivos quedarán, en todo caso, suxeitos ás medidas de prevención da violencia dispostas na lexislación específica contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

Artigo 28. Control administrativo sobre armas, explosivos, cartuchería e artigos pirotécnicos.

1. Corresponde ao Goberno:

a) A regulación dos requisitos e condicións de fabricación, reparación, circulación, almacenamento, comercio, adquisición, alleamento, tenza e utilización de armas, as súas imitacións, réplicas e pezas fundamentais.

b) A regulación dos requisitos e condicións mencionados anteriormente en relación cos explosivos, cartuchería e artigos pirotécnicos.

c) A adopción das medidas de control necesarias para o cumprimento dos requisitos e condicións a que se refiren as alíneas a) e b).

2. A intervención de armas, explosivos, cartuchería e artigos pirotécnicos corresponde ao Ministerio do Interior, que a exerce a través da Dirección Xeral da Garda Civil, cuxos servizos están habilitados para realizar en calquera momento as inspeccións e comprobacións que sexan necesarias nos espazos que estean destinados á súa fabricación, depósito, comercialización ou utilización.

Artigo 29. Medidas de control.

1. O Goberno regulará as medidas de control necesarias sobre as materias relacionadas no artigo anterior:

a) Mediante a suxeición da apertura e do funcionamento das fábricas, talleres, depósitos, establecementos de comercialización e lugares de utilización e as actividades relacionadas con elas a requisitos de catalogación ou clasificación, autorización, información, inspección, vixilancia e control, requisitos especiais de habilitación para o persoal encargado da súa manipulación, así como a determinación do réxime de responsabilidade de quen teña o deber de prever a comisión de determinadas infraccións.

b) Establecendo a obrigatoria titularidade de licenzas, permisos ou autorizacións para a adquisición, tenza e utilización de armas de fogo, cuxa expedición terá carácter restritivo cando se trate de armas de defensa persoal, en relación coas cales a concesión das licenzas, permisos ou autorizacións se limitará a supostos de estrita necesidade. Para a concesión de licenzas, permisos e autorizacións teranse en conta a conduta e os antecedentes do interesado. En todo caso, o solicitante prestará o seu consentimento expreso a favor do órgano da Administración xeral do Estado que tramita a súa solicitude para que se soliciten os seus antecedentes penais.

c) A través da prohibición da fabricación, tenza e comercialización de armas, cartuchería, artigos pirotécnicos e explosivos especialmente perigosos, así como o seu depósito.

2. A fabricación, comercio e distribución de armas, artigos pirotécnicos, cartuchería e explosivos constitúe un sector con regulación específica en materia de dereito de establecemento, nos termos previstos pola lexislación sobre investimentos estranxeiros en

España. Correspóndenlles aos ministerios de Defensa, do Interior e de Industria, Enerxía e Turismo o exercicio das competencias de supervisión e control.

CAPÍTULO V

Réxime sancionador

Sección 1.ª Suxeitos responsables, órganos competentes e regras xerais sobre as infraccións e a aplicación das sancións

Artigo 30. *Suxeitos responsables.*

1. A responsabilidade polas infraccións cometidas recaerá directamente no autor do feito en que consista a infracción.

2. Estarán exentos de responsabilidade polas infraccións cometidas os menores de catorce anos.

En caso de que a infracción sexa cometida por un menor de catorce anos, a autoridade competente porao en coñecemento do Ministerio Fiscal para que inicie, de ser o caso, as actuacións oportunas.

3. Para os efectos desta lei, consideraranse organizadores ou promotores das reunións en lugares de tránsito público ou manifestacións as persoas físicas ou xurídicas que subscribisen a preceptiva comunicación. Así mesmo, incluso non tendo subscrito ou presentado a comunicación, tamén se considerarán organizadores ou promotores aqueles que de feito as presidan, dirixan ou exerzan actos semellantes, ou os que por publicacións ou declaracións de convocatoria delas, polas manifestacións orais ou escritas que nelas se difundan, polos lemas, bandeiras ou outros signos que ostenten ou por calquera outro feito se poida determinar razoablemente que son directores daquelas.

Artigo 31. *Normas concursais.*

1. Os feitos susceptibles de seren cualificados consonte dous ou máis preceptos desta ou doutra lei sancionaranse observando as seguintes regras:

- O precepto especial aplicarase con preferencia ao xeral.
- O precepto máis amplo ou complexo absorberá o que sancione as infraccións consumidas naquel.
- Na falta dos criterios anteriores, o precepto máis grave excluírá os que sancionen o feito cunha sanción menor.

2. No caso de que un só feito constituía dúas ou máis infraccións, ou cando unha delas sexa medio necesario para cometer a outra, a conduta será sancionada por aquela infracción que aplique unha maior sanción.

3. Cando unha acción ou omisión deba tomarse en consideración como criterio de graduación da sanción ou como circunstancia que determine a cualificación da infracción non poderá ser sancionada como infracción independente.

Artigo 32. *Órganos competentes.*

1. Son órganos competentes no ámbito da Administración xeral do Estado:

- O ministro do Interior, para a sanción das infraccións moi graves en grao máximo.
- O secretario de Estado de Seguranza, para a sanción de infraccións moi graves en grao medio e en grao mínimo.
- Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades de Ceuta e Melilla, para a sanción das infraccións graves e leves.

2. Serán competentes para impor as sancións tipificadas nesta lei as autoridades correspondentes da comunidade autónoma no ámbito das súas competencias en materia de seguranza cidadá.

3. Os alcaldes poderán impor as sancións e adoptar as medidas previstas nesta lei cando as infraccións se cometan en espazos públicos municipais ou afecten bens de titularidade local, sempre que teñan competencia sobre a materia de acordo coa lexislación específica.

Nos termos do artigo 41, as ordenanzas municipais poderán introducir especificacións ou gradacións no cadro das infraccións e sancións tipificadas nesta lei.

Artigo 33. *Gradación das sancións.*

1. Na imposición das sancións pola comisión das infraccións tipificadas nesta lei observárase o principio de proporcionalidade, de acordo co disposto nos puntos seguintes.

2. Dentro dos límites previstos para as infraccións moi graves e graves, as multas dividíranse en tres tramos de igual extensión, correspondentes aos graos mínimo, medio e máximo, nos termos do punto 1 do artigo 39.

A comisión dunha infracción determinará a imposición da multa correspondente en grao mínimo.

A infracción sancionárase con multa en grao medio cando se acredite a concorrencia, ao menos, dunha das seguintes circunstancias:

- a) A reincidencia, pola comisión no termo de dous anos de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.
- b) A realización dos feitos con violencia, ameaza ou intimidación.
- c) A execución dos feitos usando calquera tipo de roupa ou obxecto que cubra o rostro, impedindo ou dificultando a identificación.
- d) Que na comisión da infracción se utilice a menores de idade, persoas con discapacidade necesitadas de especial protección ou en situación de vulnerabilidade.

En cada grao, para a individualización da multa teranse en conta os seguintes criterios:

- a) A entidade do risco producido para a seguranza cidadá ou a saúde pública.
- b) A contía do prexuízo causado.
- c) A transcendencia do prexuízo para a prevención, mantemento ou restablecemento da seguranza cidadá.
- d) A alteración ocasionada no funcionamento dos servizos públicos ou no abastecemento á poboación de bens e servizos.
- e) O grao de culpabilidade.
- f) O beneficio económico obtido como consecuencia da comisión da infracción.
- g) A capacidade económica do infractor.

As infraccións só se sancionarán con multa en grao máximo cando os feitos revistan especial gravidade e así se xustifique tendo en conta o número e a entidade das circunstancias concorrentes e os criterios previstos neste punto.

3. A multa pola comisión de infraccións leves determinarase directamente atendendo ás circunstancias e aos criterios do punto anterior.

Sección 2.ª Infraccións e sancións

Artigo 34. *Clasificación das infraccións.*

As infraccións tipificadas nesta lei clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 35. *Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves:

1. As reunións ou manifestacións non comunicadas ou prohibidas en infraestruturas ou instalacións nas cales se prestan servizos básicos para a comunidade ou nas súas inmediacións, así como a intrusión nos recintos destas, incluído o seu sobrevoos, cando, en calquera destes supostos, se xere un risco para a vida ou a integridade física das persoas.

No caso das reunións e manifestacións serán responsables os organizadores ou promotores.

2. A fabricación, reparación, almacenamento, circulación, comercio, transporte, distribución, adquisición, certificación, alleamento ou utilización de armas regulamentarias, explosivos catalogados, cartuchería ou artigos pirotécnicos, incumprindo a normativa de aplicación, carecendo da documentación ou autorización requiridas ou excedendo os límites autorizados cando tales condutas non sexan constitutivas de delito, así como a omisión, insuficiencia, ou falta de eficacia das medidas de seguranza ou precaucións que resulten obrigatorias, sempre que en tales actuacións se causen prexuízos moi graves.

3. A celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas quebrantando a prohibición ou suspensión ordenada pola autoridade correspondente por razóns de seguranza pública.

4. A proxección de feixes de luz, mediante calquera tipo de dispositivo, sobre os pilotos ou condutores de medios de transporte que os poidan cegar ou que poidan distraer a súa atención e provocar accidentes.

Artigo 36. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

1. A perturbación da seguranza cidadá en actos públicos, espectáculos deportivos ou culturais, solemnidades e oficios relixiosos ou outras reunións ás cales asistan numerosas persoas, cando non sexan constitutivas de infracción penal.

2. A perturbación grave da seguranza cidadá que se produza con ocasión de reunións ou manifestacións fronte ás sedes do Congreso dos Deputados, do Senado e das asembleas lexislativas das comunidades autónomas, aínda que non estean reunidas, cando non constitúa infracción penal.

3. Causar desordes nas vías, espazos ou establecementos públicos, ou obstaculizar a vía pública con mobiliario urbano, vehículos, contedores, pneumáticos ou outros obxectos, cando en ambos os casos se ocasione unha alteración grave da seguranza cidadá.

4. Os actos de obstrución que pretendan impedir a calquera autoridade, empregado público ou corporación oficial o exercicio lexítimo das súas funcións, o cumprimento ou a execución de acordos ou resolucións administrativas ou xudiciais, sempre que se produzan á marxe dos procedementos legalmente establecidos e non sexan constitutivos de delito.

5. As accións e omisións que impidan ou obstaculicen o funcionamento dos servizos de emerxencia provocando ou incrementando un risco para a vida ou integridade das persoas ou de danos nos bens, ou agravando as consecuencias do suceso que motive a actuación daqueles.

6. A desobediencia ou a resistencia á autoridade ou aos seus axentes no exercicio das súas funcións, cando non sexan constitutivas de delito, así como a negativa a identificarse por requirimento da autoridade ou dos seus axentes ou a alegación de datos falsos ou inexactos nos procesos de identificación.

7. A negativa á disolución de reunións e manifestacións en lugares de tránsito público ordenada pola autoridade competente cando concorran os supostos do artigo 5 da Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo.

8. A perturbación do desenvolvemento dunha reunión ou manifestación lícita, cando non constitúa infracción penal.

9. A intrusión en infraestruturas ou instalacións nas cales se prestan servizos básicos para a comunidade, incluíndo o seu sobrevoos, cando se produza unha interferencia grave no seu funcionamento.

10. Portar, exhibir ou usar armas prohibidas, así como portar, exhibir ou usar armas de modo negligente, temerario ou intimidatorio, ou fóra dos lugares habilitados para o seu uso, mesmo cando neste último caso se teña licenza, sempre que esas condutas non constitúan infracción penal.

11. A solicitude ou aceptación polo demandante de servizos sexuais retribuídos en zonas de tránsito público nas proximidades de lugares destinados ao seu uso por menores, como centros educativos, parques infantís ou espazos de ocio accesibles a menores de idade, ou cando estas condutas, polo lugar en que se realicen, poidan xerar un risco para a seguranza viaria.

Os axentes da autoridade requirirán as persoas que ofrezan estes servizos para que se absteñan de facelo nos ditos lugares e informaranas de que a inobservancia do requirimento podería constituír unha infracción do parágrafo 6 deste artigo.

12. A fabricación, reparación, almacenamento, circulación, comercio, transporte, distribución, adquisición, certificación, alleamento ou utilización de armas regulamentarias, explosivos catalogados, cartuchería ou artigos pirotécnicos, incumprindo a normativa de aplicación, carecendo da documentación ou autorización requiridas ou excedendo os límites autorizados cando tales condutas non sexan constitutivas de delito, así como a omisión, insuficiencia, ou falta de eficacia das medidas de seguranza ou precaucións que resulten obrigatorias.

13. A negativa de acceso ou a obstrución deliberada das inspeccións ou controis regulamentarios, establecidos conforme o disposto nesta lei, en fábricas, locais, establecementos, embarcacións e aeronaves.

14. O uso público e indebido de uniformes, insignias ou condecoracións oficiais, ou réplicas deles, así como outros elementos do equipamento dos corpos policiais ou dos servizos de emerxencia que poidan xerar engano acerca da condición de quen os use, cando non sexa constitutivo de infracción penal.

15. A falta de colaboración coas forzas e corpos de seguranza na indagación de delitos ou na prevención de accións que poidan pór en risco a seguranza cidadá nos supostos previstos no artigo 7.

16. O consumo ou a tenza ilícitos de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, aínda que non estivesen destinadas ao tráfico, en lugares, vías, establecementos públicos ou transportes colectivos, así como o abandono dos instrumentos ou doutros efectos empregados para iso nos citados lugares.

17. O traslado de persoas, con calquera tipo de vehículo, co obxecto de lles facilitar o acceso a drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, sempre que non constituía delito.

18. A execución de actos de plantación e cultivo ilícitos de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas en lugares visibles ao público, cando non sexan constitutivos de infracción penal.

19. A tolerancia do consumo ilegal ou o tráfico de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas en locais ou establecementos públicos ou a falta de dilixencia para impediilos por parte dos propietarios, administradores ou encargados deles.

20. A carencia dos rexistros previstos nesta lei para as actividades con transcendencia para a seguranza cidadá ou a omisión de comunicacións obrigatorias.

21. A alegación de datos ou circunstancias falsos para a obtención das documentacións previstas nesta lei, sempre que non constituía infracción penal.

22. O incumprimento das restricións á navegación regulamentariamente impostas ás embarcacións de alta velocidade e aeronaves lixeiras.

23. O uso non autorizado de imaxes ou datos persoais ou profesionais de autoridades ou membros das forzas e corpos de seguranza que poida pór en perigo a seguranza persoal ou familiar dos axentes, das instalacións protexidas ou pór en risco o éxito dunha operación, con respecto ao dereito fundamental á información.

Artigo 37. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves:

1. A realización de reunións en lugares de tránsito público ou de manifestacións, incumprindo o preceptuado nos artigos 4.2, 8, 9, 10 e 11 da Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, cuxa responsabilidade corresponderá aos organizadores ou promotores.

2. A exhibición de obxectos perigosos para a vida e integridade física das persoas con ánimo intimidatorio, sempre que non constitúa delito ou infracción grave.

3. O incumprimento das restricións de circulación peonil ou itinerario con ocasión dun acto público, reunión ou manifestación, cando provoquen alteracións menores no seu normal desenvolvemento.

4. As faltas de respecto e consideración cuxo destinatario sexa un membro das forzas e corpos de seguranza no exercicio das súas funcións de protección da seguranza, cando estas condutas non sexan constitutivas de infracción penal.

5. A realización ou incitación á realización de actos que atenten contra a liberdade e indemnidade sexual, ou executar actos de exhibición obscena, cando non constitúa infracción penal.

6. A proxección de feixes de luz, mediante calquera tipo de dispositivo, sobre membros das forzas e corpos de seguranza para impedir ou dificultar o exercicio das súas funcións.

7. A ocupación de calquera inmovible, vivenda ou edificio alleos, ou a permanencia neles, en ambos os casos contra a vontade do seu propietario, arrendatario ou titular doutro dereito sobre el, cando non sexan constitutivas de infracción penal.

Así mesmo, a ocupación da vía pública con infracción do disposto pola lei ou contra a decisión adoptada en aplicación daquela pola autoridade competente. Entenderase incluída neste suposto a ocupación da vía pública para a venda ambulante non autorizada.

8. A omisión ou a insuficiencia de medidas para garantir a conservación da documentación de armas e explosivos, así como a falta de denuncia da súa perda ou subtracción.

9. As irregularidades na realización dos rexistros previstos nesta lei con transcendencia para a seguranza cidadá, incluíndo a alegación de datos ou circunstancias falsos ou a omisión de comunicacións obrigatorias dentro dos prazos establecidos, sempre que non constitúa infracción penal.

10. O incumprimento da obriga de obter a documentación persoal legalmente exixida, así como a omisión negligente da denuncia da súa subtracción ou extravío.

11. A negligencia na custodia e conservación da documentación persoal legalmente exixida. Considerarase como tal a terceira e as posteriores perdas ou extravíos no prazo dun ano.

12. A negativa a entregar a documentación persoal legalmente exixida cando se acordase a súa retirada ou retención.

13. Os danos ou o deslucimento de bens mobles ou inmoibles de uso ou servizo público, así como de bens mobles ou inmoibles privados na vía pública, cando non constituían infracción penal.

14. Escalar edificios ou monumentos sen autorización cando exista un risco certo de que se ocasionen danos ás persoas ou aos bens.

15. A remoción de valos, encintados ou outros elementos fixos ou móbiles colocados polas forzas e corpos de seguranza para delimitar perímetros de seguranza, mesmo con carácter preventivo, cando non constitúa infracción grave.

16. Deixar soltos ou en condicións de causar danos animais feroces ou daniños, así como abandonar animais domésticos en condicións en que poida perigar a súa vida.

17. O consumo de bebidas alcohólicas en lugares, vías, establecementos ou transportes públicos cando perturbe gravemente a tranquilidade cidadá.

Artigo 38. *Prescripción das infraccións.*

1. As infraccións administrativas tipificadas nesta lei prescribirán aos seis meses, ao ano ou aos dous anos de se cometeren, segundo sexan leves, graves ou moi graves, respectivamente.

2. Os prazos sinalados nesta lei computaranse desde o día en que se cometeu a infracción. Non obstante, nos casos de infraccións continuadas e de infraccións de efectos permanentes, os prazos computaranse, respectivamente, desde o día en que se realizou a última infracción e desde que se eliminou a situación ilícita.

3. A prescripción interromperase por calquera actuación administrativa de que teña coñecemento formal o interesado dirixida á sanción da infracción, e restablecerase o cómputo do prazo de prescripción se o procedemento está paralizado máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

4. Interromperase igualmente a prescripción como consecuencia da apertura dun procedemento xudicial penal, ata que a autoridade xudicial comunique ao órgano administrativo a súa finalización nos termos do punto 2 do artigo 45.

Artigo 39. *Sancións.*

1. As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 30.001 a 600.000 euros; as graves, con multa de 601 a 30.000 euros, e as leves, con multa de 100 a 600 euros.

De acordo co disposto no artigo 33.2, os tramos correspondentes aos graos máximo, medio e mínimo das multas previstas pola comisión de infraccións graves e moi graves serán os seguintes:

a) Para as infraccións moi graves, o grao mínimo comprenderá a multa de 30.001 a 220.000 euros; o grao medio, de 220.001 a 410.000 euros, e o grao máximo, de 410.001 a 600.000 euros.

b) Para as infraccións graves, o grao mínimo comprenderá a multa de 601 a 10.400; o grao medio, de 10.401 a 20.200 euros, e o grao máximo, de 20.201 a 30.000 euros.

2. A multa poderá levar consigo algunha ou algunhas das seguintes sancións accesorias, atendendo á natureza dos feitos constitutivos da infracción:

a) A retirada das armas e das licenzas ou permisos correspondentes a elas.
b) O comiso dos bens, medios ou instrumentos cos cales se preparase ou executase a infracción e, de ser o caso, dos efectos procedentes desta, salvo que uns ou outros pertencan a un terceiro de boa fe non responsable desa infracción que os adquirise legalmente. Cando os instrumentos ou efectos sexan de lícito comercio e o seu valor non garde relación coa natureza ou gravidade da infracción, o órgano competente, para impor a sanción que proceda, poderá non acordar o comiso ou acordalo parcialmente.

c) A suspensión temporal das licenzas, autorizacións ou permisos desde seis meses e un día a dous anos por infraccións moi graves e ata seis meses para as infraccións graves, no ámbito das materias reguladas no capítulo IV desta lei. En caso de reincidencia, a sanción poderá ser de dous anos e un día ata seis anos por infraccións moi graves e ata dous anos por infraccións graves.

d) A clausura das fábricas, locais ou establecementos, desde seis meses e un día a dous anos por infraccións moi graves e ata seis meses por infraccións graves, no ámbito das materias reguladas no capítulo IV desta lei. En caso de reincidencia, a sanción poderá ser de dous anos e un día ata seis anos por infraccións moi graves e ata dous anos por infraccións graves.

Artigo 40. *Prescripción das sancións.*

1. As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por infraccións graves, aos dous anos, e as impostas por infraccións leves ao

ano, computados desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza en vía administrativa a resolución pola cal se impón a sanción.

2. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se aquel se paraliza durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 41. *Habilitación regulamentaria.*

As disposicións regulamentarias de desenvolvemento poderán introducir especificacións ou gradacións no cadro das infraccións e sancións tipificadas nesta lei que, sen constituíren novas infraccións ou sancións, nin alterar a súa natureza e límites, contribúan á máis correcta identificación das condutas ou á máis precisa determinación das sancións correspondentes.

Artigo 42. *Reparación do dano e indemnización.*

1. Se as condutas sancionadas ocasionan danos ou perdas á Administración pública, a resolución do procedemento conterá un pronunciamiento expreso acerca dos seguintes aspectos:

- a) A exixencia ao infractor da reposición ao seu estado orixinario da situación alterada pola infracción.
- b) Cando iso non sexa posible, a indemnización polos danos e perdas causados, se estes quedan determinados durante o procedemento. Se o importe dos danos e perdas non quedou establecido, determinarase nun procedemento complementario, susceptible de terminación convencional, cuxa resolución porá fin á vía administrativa.

2. A responsabilidade civil derivada dunha infracción será sempre solidaria entre todos os causantes do dano.

3. Cando sexa declarado autor dos feitos cometidos un menor de dezaioito anos non emancipado ou unha persoa coa capacidade modificada xudicialmente, responderán, solidariamente con el, dos danos e perdas ocasionados os seus pais, titores, curadores, acolledores ou gardadores legais ou de feito, segundo proceda.

Artigo 43. *Rexistro Central de Infraccións contra a Seguranza Cidadá.*

1. Para os efectos exclusivamente de apreciar a reincidencia na comisión de infraccións tipificadas nesta lei, crease no Ministerio do Interior un Rexistro Central de Infraccións contra a Seguranza Cidadá.

As comunidades autónomas que asumisen competencias para a protección de persoas e bens e para o mantemento da seguranza cidadá e contén cun corpo de policía propio poderán crear os seus propios rexistros de infraccións contra a seguranza cidadá.

2. Determinaranse regulamentariamente a organización e o funcionamento do Rexistro Central de Infraccións contra a Seguranza Cidadá, no cal unicamente se practicarán os seguintes asentos:

- a) Datos persoais do infractor.
- b) Infracción cometida.
- c) Sanción ou sancións firmes en vía administrativa impostas, con indicación do seu alcance temporal, cando proceda.
- d) Lugar e data da comisión da infracción.
- e) Órgano que impuxo a sanción.

3. As persoas ás cales se lles impuxese unha sanción que adquirise firmeza en vía administrativa serán informadas de que se procederá á práctica dos correspondentes asentos no Rexistro Central de Infraccións contra a Seguranza Cidadá. Poderán solicitar o acceso, a cancelación ou a rectificación dos seus datos de conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal,

e na súa normativa de desenvolvemento. Os asentos cancelaranse de oficio transcorridos tres anos cando se trate de infraccións moi graves, dous anos no caso de infraccións graves e un no de infraccións leves, contado desde a firmeza da sanción.

4. As autoridades e os órganos das distintas administracións públicas con competencia sancionadora en materia de seguranza cidadá, de acordo con esta lei, comunicarán ao Rexistro Central de Infraccións contra a Seguranza Cidadá as resolucións sancionadoras ditadas, unha vez que sexan firmes en vía administrativa. Así mesmo, para estes efectos, as ditas administracións públicas terán acceso aos datos que figuran nese rexistro central.

Sección 3.^a Procedemento sancionador

Artigo 44. Réxime xurídico.

O exercicio da potestade sancionadora en materia de protección da seguranza cidadá rexeráse polo título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e as súas disposicións de desenvolvemento, sen prexuízo das especialidades que se regulan neste capítulo.

Artigo 45. Carácter subsidiario do procedemento administrativo sancionador respecto do penal.

1. Non se poderán sancionar os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente cando se aprecie identidade de suxeito, de feito e de fundamento.

2. Nos supostos en que as condutas poidan ser constitutivas de delito, o órgano administrativo pasará o tanto de culpa á autoridade xudicial ou ao Ministerio Fiscal e absterase de seguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme ou resolución que doutro modo poña fin ao procedemento penal, ou o Ministerio Fiscal non acorde a improcedencia de iniciar ou proseguir as actuacións en vía penal, e ata entón quedará interrompido o prazo de prescrición.

A autoridade xudicial e o Ministerio Fiscal comunicarán ao órgano administrativo a resolución ou o acordo que adoptasen.

3. De non se ter xulgado a existencia de ilícito penal, ou no caso de se ter ditado resolución doutro tipo que poña fin ao procedemento penal, poderase iniciar ou proseguir o procedemento sancionador. En todo caso, o órgano administrativo quedará vinculado polos feitos declarados probados en vía xudicial.

4. As medidas cautelares adoptadas antes da intervención xudicial poderán manterse mentres a autoridade xudicial non resolva outra cousa.

Artigo 46. Acceso aos datos doutras administracións públicas.

1. As autoridades e órganos das distintas administracións públicas competentes para impor sancións de acordo con esta lei poderán acceder aos datos relativos aos suxeitos infractores que estean directamente relacionados coa investigación dos feitos constitutivos de infracción, sen necesidade de consentimento previo do titular dos datos, coas garantías de seguranza, integridade e dispoñibilidade, de conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Para os exclusivos efectos de cumprir as actuacións que os órganos da Administración xeral do Estado competentes nos procedementos regulados nesta lei e as súas normas de desenvolvemento teñen encomendadas, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguranza Social, nos termos establecidos na normativa tributaria ou da seguranza social, así como o Instituto Nacional de Estatística, no relativo ao padrón municipal de habitantes, facilitarán a aqueles o acceso aos ficheiros nos cales consten datos que deban figurar nos ditos procedementos, sen que sexa preciso o consentimento dos interesados.

Artigo 47. *Medidas provisionais anteriores ao procedemento.*

1. Os axentes da autoridade intervirán e aprehenderán cautelarmente os instrumentos utilizados para a comisión da infracción, así como o diñeiro, os froitos ou os produtos directamente obtidos, que se manterán nos depósitos establecidos para o efecto ou baixo a custodia das forzas e corpos de seguranza mentres se tramita o procedemento sancionador ou ata que, de ser o caso, se resolva a devolución ou se decrete o comiso.

Sen prexuízo do previsto no punto 3 do artigo 49, se a aprehensión é de bens funxibles e o custo do depósito supera o valor venal, estes destruíranse ou daráselles o destino adecuado, de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.

2. Excepcionalmente, nos supostos de grave risco ou perigo inminente para persoas ou bens, as medidas provisionais previstas no punto 1 do artigo 49, salvo a da alínea f), poderán ser adoptadas directamente polos axentes da autoridade con carácter previo á iniciación do procedemento, e deberán ser ratificadas, modificadas ou revogadas no acordo de incoación no prazo máximo de quince días. En todo caso, estas medidas quedarán sen efecto se, transcorrido ese prazo, non se incoa o procedemento ou o acordo de incoación non contén un pronunciamento expreso acerca delas.

Artigo 48. *Actuacións previas.*

1. Con anterioridade á incoación do procedemento poderanse realizar actuacións previas con obxecto de determinar se concorren circunstancias que as xustifiquen. En especial, estas actuacións orientaranse a determinar, coa maior precisión posible, os feitos susceptibles de motivaren a incoación do procedemento, a identificación da persoa ou persoas que poidan resultar responsables e as circunstancias relevantes que concorran nuns e noutros.

As actuacións previas incorporaranse ao procedemento sancionador.

2. As actuacións previas poderanse desenvolver sen intervención do presunto responsable, se for indispensable para garantir o bo fin da investigación, caso en que se deixará constancia escrita nas dilixencias instruídas para o efecto das razóns que xustifican a súa non intervención.

3. A práctica de actuacións previas non interromperá a prescrición das infraccións.

Artigo 49. *Medidas de carácter provisional.*

1. Incoado o expediente, o órgano competente para resolver poderá adoptar en calquera momento, mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisional que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer, o bo fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción ou preservar a seguranza cidadá, sen que en ningún caso poidan ter carácter sancionador. Estas medidas serán proporcionadas á natureza e á gravidade da infracción e poderán consistir especialmente:

a) No depósito en lugar seguro dos instrumentos ou efectos utilizados para a comisión das infraccións e, en particular, das armas, explosivos, aerosois, obxectos ou materias potencialmente perigosos para a tranquilidade cidadá, drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas.

b) Na adopción de medidas de seguranza das persoas, bens, establecementos ou instalacións que se encontren en situación de perigo, a cargo dos seus titulares.

c) Na suspensión ou clausura preventiva de fábricas, locais ou establecementos susceptibles de afectar a seguranza cidadá.

d) Na suspensión parcial ou total das actividades nos establecementos que sexan notoriamente vulnerables e non teñan en funcionamento as medidas de seguranza necesarias.

e) Na adopción de medidas de seguranza das persoas e os bens en infraestruturas e instalacións en que se presten servizos básicos para a comunidade.

f) Na suspensión da actividade obxecto de autorizacións, permisos, licenzas e outros documentos expedidos polas autoridades administrativas, no marco da normativa que lle sexa de aplicación.

g) Na suspensión na venda, revenda ou venda ambulante das entradas do espectáculo ou actividade recreativa cuxa celebración ou desenvolvemento poida implicar un risco para a seguraza cidadá.

2. Os gastos ocasionados pola adopción das medidas provisionais serán por conta do causante dos feitos obxecto do expediente sancionador.

3. A duración das medidas de carácter provisional non poderá exceder a metade do prazo previsto nesta lei para a sanción que poida corresponder á infracción cometida, salvo acordo debidamente motivado adoptado polo órgano competente.

4. O acordo de adopción de medidas provisionais notificaráselles aos interesados no domicilio de que teña constancia a Administración por calquera medio ou, de ser o caso, por medios electrónicos, con indicación dos recursos procedentes contra el, órgano ante o cal se deben presentar e prazos para os interpor. A autoridade competente para a súa adopción poderá acordar que sexa obxecto de coñecemento xeral cando iso sexa necesario para garantir a seguraza cidadá, con suxeición ao disposto na lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

5. As medidas adoptadas serán inmediatamente executivas, sen prexuízo de que os interesados poidan solicitar a súa suspensión xustificando a aparencia de bo dereito e a existencia de danos de difícil ou imposible reparación, prestando, de ser o caso, caución suficiente para asegurar o prexuízo que poida derivar para a seguraza cidadá.

6. As medidas provisionais acordadas poderán ser modificadas ou levantadas cando varíen as circunstancias que motivaron a súa adopción e, en todo caso, extinguiranse coa resolución que poña fin ao procedemento.

Artigo 50. *Caducidade do procedemento.*

1. O procedemento caducará transcorrido un ano desde a súa incoación sen que se notificase a resolución. Porén, deberanse ter en conta no cómputo as posibles paralizacións por causas imputables ao interesado ou a suspensión que se tivese que acordar pola existencia dun procedemento xudicial penal, cando concorran identidade de suxeito, feito e fundamento, ata a finalización deste.

2. A resolución que declare a caducidade notificaráselle ao interesado e porá fin ao procedemento, sen prexuízo de que a Administración poida acordar a incoación dun novo procedemento mentres non prescribise a infracción. Os procedementos caducados non interromperán o prazo de prescrición.

Artigo 51. *Efectos da resolución.*

No ámbito da Administración xeral do Estado, poderase recorrer contra a resolución do procedemento sancionador de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro. Contra a resolución que poña fin á vía administrativa poderase interpor recurso contencioso-administrativo, de ser o caso, polo procedemento para a protección dos dereitos fundamentais da persoa, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 52. *Valor probatorio das declaracións dos axentes da autoridade.*

Nos procedementos sancionadores que se instrúan nas materias obxecto desta lei, as denuncias, atestados ou actas formulados polos axentes da autoridade en exercicio das súas funcións que presenciasen os feitos, logo de ratificación no caso de ter sido negados polos denunciados, constituirán base suficiente para adoptar a resolución que proceda, salvo proba en contrario e sen prexuízo de que aqueles deban achegar ao expediente todos os elementos probatorios dispoñibles.

Artigo 53. *Execución da sanción.*

1. Unha vez firme en vía administrativa, procederase á execución da sanción conforme o previsto nesta lei.

2. O cumprimento da sanción de suspensión das licenzas, autorizacións ou permisos iniciárase transcorrido un mes desde que a sanción adquirise firmeza en vía administrativa.

3. As sancións pecuniarias que non fosen aboadas previamente deberanse facer efectivas dentro dos quince días seguintes á data da firmeza da sanción. Unha vez vencido o prazo de ingreso sen que se satisfixese a sanción, a súa exacción levarase a cabo polo procedemento de constrinximento. Para tal efecto, será título executivo a providencia de constrinximento notificada ao debedor, expedida polo órgano competente da Administración.

4. Cando as sancións fosen impostas pola Administración xeral do Estado, os órganos e procedementos da recadación executiva serán os establecidos no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

5. En caso de que a resolución acorde a devolución dos instrumentos apreñados cautelarmente a que se refire o punto 1 do artigo 47, transcorrido un mes desde a notificación desta sen que o titular recupérase o obxecto apreñado, procederase á súa destrución ou daráselle o destino adecuado no marco desta lei.

Artigo 54. *Procedemento abreviado.*

1. Unha vez notificado o acordo de incoación do procedemento para a sanción de infraccións graves ou leves, o interesado disporá dun prazo de quince días para realizar o pagamento voluntario con redución da sanción de multa, ou para formular as alegacións e propor ou presentar as probas que coide oportunas.

Se efectúa o pagamento da multa nas condicións indicadas no parágrafo anterior, seguirase o procedemento sancionador abreviado e, en caso de non facelo, o procedemento sancionador ordinario.

2. O procedemento sancionador abreviado non será de aplicación ás infraccións moi graves.

3. Unha vez realizado o pagamento voluntario da multa dentro do prazo de quince días contados desde o día seguinte ao da súa notificación, considerarase concluído o procedemento sancionador coas seguintes consecuencias:

- a) A redución do 50 por cento do importe da sanción de multa.
- b) A renuncia a formular alegacións. No caso de se formularen, consideraranse non presentadas.
- c) A terminación do procedemento, sen necesidade de ditar resolución expresa, o día en que se realice o pagamento. Unicamente se poderá recorrer contra a sanción ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Disposición adicional primeira. *Réxime de control de precursores de drogas e explosivos.*

O sistema de outorgamento de licenzas de actividade, así como o réxime sancionador aplicable en caso de infracción das disposicións comunitarias e internacionais para a vixilancia do comercio de precursores de drogas e explosivos rexerá polo disposto nas súas lexislacións específicas.

Disposición adicional segunda. *Réxime de protección das infraestruturas críticas.*

A protección das infraestruturas críticas rexerá pola súa normativa específica e, supletoriamente, por esta lei.

Disposición adicional terceira. *Comparecencia obrigatoria nos procedementos para a obtención do documento nacional de identidade e do pasaporte.*

Nos procedementos administrativos de obtención do documento nacional de identidade e do pasaporte será obrigatoria a comparecencia do interesado ante os órganos ou unidades administrativas competentes para a súa tramitación.

Excepcionalmente, poderase eximir da comparecencia persoal o solicitante dun pasaporte provisional nunha misión diplomática ou oficina consular española por razóns xustificadas de enfermidade, risco, distancia ou outras análogas e debidamente acreditadas que impidan ou dificulten gravemente a comparecencia.

Disposición adicional cuarta. *Comunicacións do Rexistro Civil.*

Para os efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 8.3 da lei, o Rexistro Civil comunicará ao Ministerio do Interior as inscricións de resolucións de capacidade modificada xudicialmente, os falecementos ou as declaracións de ausencia ou falecemento, de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil.

Disposición adicional quinta. *Suspensión de sancións pecuniarias impostas por infraccións en materia de consumo de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas cometidas por menores de idade.*

As multas que se lles impoñan aos menores de idade pola comisión de infraccións en materia de consumo ou tenza ilícitos de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas poderanse suspender sempre que, por solicitude dos infractores e dos seus representantes legais, aqueles accedan a someterse a tratamento ou rehabilitación, se o precisan, ou a actividades de reeducación. En caso de que os infractores abandonen o tratamento ou rehabilitación ou as actividades reeducativas, executarase a sanción económica.

Estableceranse regulamentariamente os termos e as condicións da remisión parcial de sancións prevista nesta disposición adicional.

Disposición adicional sexta. *Infraestruturas e instalacións en que se prestan servizos básicos para a comunidade.*

Para os efectos do disposto nos artigos 35.1 e 36.9, entenderase por infraestruturas ou instalacións en que se prestan servizos básicos para a comunidade:

- a) Centrais nucleares, petroquímicas, refinarías e depósitos de combustible.
- b) Portos, aeroportos e demais infraestruturas de transporte.
- c) Servizos de fornecemento e distribución de auga, gas e electricidade.
- d) Infraestruturas de telecomunicacións.

Disposición adicional sétima. *Non incremento de gasto público.*

As medidas previstas nesta lei non xerarán incremento de dotacións nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal ao servizo do sector público.

Disposición transitoria única. *Procedementos sancionadores iniciados no momento da entrada en vigor desta lei.*

Os procedementos sancionadores iniciados no momento da entrada en vigor desta lei rexeranse pola lexislación anterior, salvo que esta lei conteña disposicións máis favorables para o interesado.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Queda derogada a Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguraza cidadá.
2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Réxime especial de Ceuta e Melilla.*

1. Engádesse unha disposición adicional décima á Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima. *Réxime especial de Ceuta e Melilla.*

1. Os estranxeiros que sexan detectados na liña fronteiriza da demarcación territorial de Ceuta ou Melilla mentres intentan superar os elementos de contención fronteirizos para cruzar irregularmente a fronteira poderán ser rexeitados co fin de impedir a súa entrada ilegal en España.
2. En todo caso, o rexeitamento realizarase respectando a normativa internacional de dereitos humanos e de protección internacional de que España é parte.
3. As solicitudes de protección internacional formalizaranse nos lugares habilitados para o efecto nos pasos fronteirizos e tramitaranse conforme o establecido na normativa en materia de protección internacional.»

2. A disposición derradeira cuarta da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira cuarta. *Preceptos non orgánicos.*

1. Teñen natureza orgánica os preceptos contidos nos seguintes artigos desta lei: 1, 2, 3, 4.1, 4.3, 5, 6, 7, 8, 9, 11, 15, 16, 17, 18, 18 bis, 19, 20, 21, 22.1, 23, 24, 25, 25 bis, 27, 29, 30, 30 bis, 31, 31 bis, 33, 34, 36, 37, 39, 40, 41, 42, 53, 54, 55, 57, 58, 59, 59 bis, 60, 61, 62, 62 bis, 62 ter, 62 quáter, 62 quinquies, 62 sexies, 63, 63 bis, 64, 66, 71, as disposicións adicionais terceira a oitava e décima e as disposicións derradeiras.
2. Os preceptos non incluídos no punto anterior non teñen natureza orgánica.»

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

As disposicións desta lei dítanse ao abeiro do artigo 149.1.29.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguraza pública, excepto os artigos 28 e 29, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.26.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime de produción, comercio, tenza e uso de armas e explosivos.

Disposición derradeira terceira. *Preceptos que teñen carácter de lei orgánica.*

1. Teñen carácter orgánico os preceptos desta lei que se relacionan a seguir:
O capítulo I, excepto o artigo 5.
Os artigos 9 e 11 do capítulo II.
O capítulo III.
Do capítulo V, o punto 3 do artigo 30; o ordinal 1 do artigo 35; os ordinais 2, 7, 8 e 23 do artigo 36, e os ordinais 1 e 4 do artigo 37.
A disposición derogatoria única.
A disposición derradeira primeira.
A disposición derradeira terceira.
2. Os preceptos non incluídos no punto anterior non teñen carácter orgánico.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílitase o Goberno, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido nesta lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o 1 de xullo de 2015, salvo a disposición derradeira primeira, que entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Sevilla, 30 de marzo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY